ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

MATERIA E CURSO: Cultura científica 1º BAC

Conforme ditan as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Bioloxía e xeoloxía reuniuse de maneira telemática o día 6 de maio e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

A adaptación da programación didáctica 2019/20 do departamento de Bioloxía e Xeoloxía será publicada na páxina web do centro IES Canido.

3ª Avaliación

No momento da suspensión das clases presencias faltaban por dar:

B5.1. Orixe, evolución e análise comparativa dos equipamentos informáticos.
B5.2. Incorporación da tecnoloxía dixital á vida cotiá.
B5.3. Características e especificacións de equipamentos. Análise e comparativa desde o punto de vista do/da usuario/a.
B5.4. Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo asociado ás novas tecnoloxías.
B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet.

Debido ás circunstancias xurdidas neste curso, e seguindo as instrucións do Ministerio de Cultura e da Consellería de educación, vémonos na obriga de modificar a metodoloxía da 3ª Avalilación e do presente curso, e polo tanto, modificar tamén os criterios de avaliación.

Os cambios nos criterios de avaliación están suxetos a posibles modificacións en función das novas directrices que poidan aparecer antes do remate do curso.

Valoración dos traballos (3ª avalación e recuperacións):

Manteñense os estándares xerais establecidos na programación anual, pero adaptados o novo tipo de actividades. Por este motivo a valoración destes traballos varía con respeto á que está indicada na programación anual.
Dado o carácter non presencial, e tendo en conta as posibles diferencias no acceso ás diferentes TIC por parte dos alumnos, a valoración dos traballos seguirán este criterio:

Contidos	Presentación	Puntualidade entrega
70%	20%	10%

Os traballos terán como finalidade:

- Completar o temario de 1º de Bacharelato de forma progresiva e comprensiva.
- Reforzar e ampliar os coñecementos da 1ª e 2ª avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- A 1ª e 2ª avaliación xa foi valorada cos criterios establecidos na programación.
- Valorar o traballo non presencial da 3ª Avaliación , tendo en conta o esforzo e as circunstancias socio-económicas específicas. Ata este momento os alumnos mostran un alto grao de interese polo traballo a través da aula virtual.
- Considerarase o aprobado cando a suma porcentual das dúas avaliacións sume un 5.
- As actividades realizadas durante a terceira avaliación servirán para a recuperación da materia suspensa ou ben para subir ata un máximo de dous puntos a cualificación final.

Se os alumnos retoman as clases presenciais, é obvio que o número de clases será moi curto, polo que,. por este motivo, e a acumulación doutros posibles exames, non penso facer exame da 3ª Avaliación.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Polo traballo desenvolto polos alumnos nestas circunstancias, cabe destacar que: A competencia dixital e aprender a aprender sobresaen sobre as demáis.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

Xa se explicou no apartado Criterios de Avaliación.

Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva

.

En Ferrol, a 7 de maio de 2020

Xefe/a do Departamento: Ramón E. López Anca